

MEMORIA PARA O PROGRAMA
CONXUNTO DE ESTUDOS
OFICIAIS DO GRAO (PCEO) DO
GRAO EN ADMINISTRACIÓN E
DIRECCIÓN DE EMPRESAS E O
GRAO EN DEREITO

(Campus de Vigo)

Consello de Goberno de 22/07/2016

A Universidade de Vigo, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un/unha estudante poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado polas facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e de Ciencias Xurídicas e do Traballo sobre os planos de estudos oficiais.

Esta formación combinada responde a unha demanda moi concreta do tecido empresarial actual: profesionais que sexan capaces de simultanear as decisións empresariais e a aplicación da lexislación correspondente con confianza e garantías xa, que o sector empresarial e o mundo xurídico son inseparables. Obviamente, este perfil permitirá traballar tanto no campo empresarial como no xurídico, pero, o que é máis relevante, naqueles postos de traballo no que a combinación das competencias de ambos campos é especialmente necesaria e valorada.

Para a posta en marcha do programa conxunto, resulta necesario regular determinados aspectos que contribuirán ao seu éxito, nomeadamente:

Art. 1. Autorización do programa

A Universidade de Vigo autoriza a posta en marcha dun programa conxunto de estudos oficiais de grao (PCEO) proposto polas Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e de Ciencias Xurídicas e do Traballo que permita simultanear os estudos de Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito mediante unha ordenación temporal das diferentes materias que se van cursar, a partir dos planos de estudos oficiais, e tendo en conta o establecido nos artigos seguintes.

Art. 2. Titulacións que se obterán

O alumnado que supere o PCEO ADE-DEREITO obterá os dous títulos oficiais de Graduado/a en Administración e Dirección de Empresas e Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo.

Art. 3. Duración do programa

Terá unha duración de dez cuatrimestres. O número de créditos necesario para superar o programa será de 366 ECTS, distribuídos da forma que se reflicte no ANEXO I.

Art. 4. Centro responsable do programa

1. Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico do estudante, así como para a tramitación das bolsas do alumnado, acórdase designar á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais como centro responsable da súa tramitación e custodia; sen prexuízo do disposto no artigo 13 da Normativa de Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao para o procedemento de expedición de títulos oficiais.

2. Acórdase designar á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo como centro responsable das prácticas externas do alumnado do PCEO. A xestión das mesmas farase de acordo coa normativa específica elaborada consensuadamente polos dous centros.

3. Acórdase designar á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo como centro responsable dos programas de intercambio do alumnado do PCEO

Art. 5. Centro de impartición do ensino:

1. Os cursos impartiranse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
2. Deberá garantirse un horario de clases en franxas horarias, tanto teóricas como prácticas, que permita ao estudante organizar o seu tempo adecuadamente para facilitar o estudo e a realización das actividades formativas do PCEO e que contribúa a súa integración na vida de cada Centro.
3. Os horarios para todo o curso, con indicación precisa do lugar de impartición das clases, así como as datas de exames, deberán publicarse na guía conxunta para as dúas titulacións que estará a disposición do alumnado con anterioridade ao período de matrícula.

Art. 6. Coordinación do PCEO:

1. Existirá una persoa coordinadora do PCEO. A súa elección correspóndelle ao/á Decano/a da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e ao/á Decano/a da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. A elección do coordinador farase de forma alternativa, cada tres anos, entre profesores a tempo completo de cada unha das Facultades.
2. Ademais, establecerase un órgano coordinador que deberá respectar a composición paritaria de mulleres e homes e estará formado por 5 membros, a saber: Decano/a da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou persoa en quen delegue, Decano/a da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ou persoa en quen delegue, vicedecano/a responsable académico do Grao en ADE, vicedecano/a responsable académico do Grao en Dereito e coordinador/a do PCEO, que terá voz pero non voto.

Art. 7. Número de estudantes:

Con carácter xeral, ofértanse 40 prazas, supeditado ao que oportunamente aprobe o Consello de Goberno. O 25% da entrada detraerase das prazas correspondentes á oferta do grao en Dereito e o 75% restante, das prazas correspondentes á oferta do grao en ADE.

Art. 8. Admisión de estudantes

1. A solicitude de admisión para cursar o PCEO ADE-DEREITO realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade de Vigo.
2. Só poderán optar ao PCEO aqueles estudantes que reúnan os requisitos legais de acceso e admisión para ambos graos.
3. Dado que o PCEO ADE-DEREITO se introduce de xeito gradual e con grupos de docencia homoxéneos, non deberá solicitar a admisión para estes estudos:
 - 3.1. O estudantado que xa estea a cursar calquera dos dous graos obxecto do PCEO. Isto é, para o alumnado que xa iniciase un dos dous graos e desexe cursar de forma conxunta os seus estudos coa outra titulación, rexerán as normas xerais da Universidade de Vigo sobre simultaneidade de estudos, facilitándolles, na medida do posible, a súa adaptación. De xeito excepcional, resérvase o **2%** das prazas de novo ingreso ofertadas no PCEO para o alumnado que estea a cursar, en calquera dos dous centros, algún dos dous graos obxecto de este PCEO. Se da aplicación da devandita porcentaxe non resultase un número enteiro, redondearase ao número enteiro superior máis próximo.
 - 3.2. O estudantado que, no momento da admisión, estea en posesión do título de Graduada/o nun dos graos obxecto de programación conxunta.

- 3.3. O estudiantado que, no momento da admisión, estea en posesión do título de Diplomado/a, Enxeñeira/o Técnica/o, Arquitecta/o Técnica/o, Licenciado/a, Enxeñeira/o Superior ou /Arquitecta/o Superior, equivalente a un dos graos obxecto de simultaneidade.

Art. 9. Criterios de matrícula

O alumnado que curse estes estudos deberase matricular a tempo completo no primeiro curso. A partir do segundo curso, matricularase da totalidade dos créditos correspondentes ao curso de que se trate ou:

- **Dun número mínimo** de 48 ECTS, agás no caso de que a cantidade de créditos necesaria para rematar o PCEO sexa inferior.
- **Dun número máximo** de créditos non superior ao número de créditos do curso completo do PCEO que estea a cursar a alumna ou alumno, incrementado nun 25%. Enténdese por curso completo, o curso máis alto no estea matriculado o/a alumno/a.

Para os efectos dos criterios de matrícula, o alumnado do PCEO non estará rexido pola *Normativa de Permanencia e progreso do alumnado* da Universidade de Vigo.

Art. 10. Avaliación

Cada Facultade aprobará as datas das convocatorias de exame das distintas disciplinas que se realizaran nas datas que determine o calendario oficial no centro responsable do PCEO, que se axustará ao calendario aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

Art. 11. Requisitos de permanencia.

A permanencia no PCEO rexerase polo establecido na Normativa de Permanencia e Progreso do Alumnado das Titulacións Oficiais de Grao e de Máster Universitario da Universidade de Vigo.

Art. 12. Representación e Bolsas

1. Para os efectos de participación en órganos de goberno, consideraranse estudantes con vinculación á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, como centro responsable da tramitación e custodia dos expedientes.
2. Para os efectos de solicitude de bolsas ou axudas, consideraranse estudantes, con carácter xeral, con vinculación á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, como centro responsable da tramitación e custodia dos expedientes

Art. 13. Abandono dunha das dúas titulacións

1. Calquera estudante, de ser o caso, poderá optar por calquera das dúas titulacións iniciadas, sempre que teña aprobadas, como mínimo, dúas materias ou 12 ECTS do primeiro curso da titulación que vaian cursar, tendo dereito ao recoñecemento dos créditos básicos superados.
2. Calquera estudante poderá desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxese a convocatoria de matrícula que se aprobe para cada curso académico

Art. 14. Traslados de expediente e cambio de centro

Establécese a posibilidade de que o alumnado da Universidade de Vigo que desexe trasladarse, na mesma ou a outra universidade, para facer un PCEO equivalente. Nese caso, a secretaría de alumnado de cada centro debe emitir a súa certificación dos estudos realizados ata o momento.

De mesmo xeito, debe establecerse a posibilidade de que o alumnado doutras universidades españolas que curse un PCEO equivalente poida trasladarse á Universidade de Vigo.

O número de prazas para traslado desde outro PCEO equivalente será o 2% do total das prazas ofertadas no PCEO para alumnado de novo ingreso. Se da aplicación da devandita porcentaxe non resultase un número enteiro, redondearase ao número enteiro superior máis próximo.

Art. 15. Recoñecementos específicos para estudantes do PCEO ADE-DEREITO

1. Ao alumnado que curse o PCEO recoñeceráselle os créditos das materias optativas dos graos polos créditos das materias obrigatorias que constan no **ANEXO II** desta normativa, logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas materia obrigatorias. Non poderá darse o recoñecemento inverso, é dicir, non serán recoñecidas materias obrigatorias por materias optativas cursadas.
2. O recoñecemento realizarase polo decanato do centro correspondente. A solicitude do estudante, logo de ser revisada pola administración do centro, resolverase no momento en que o/a estudante supere o total de créditos correspondentes ao plano de estudos da simultaneidade ADE-Dereito, agás os do Traballo de Fin de Grao.

Art. 16. Traballo Fin de Grao

Na fase final dos planos de estudos deste programa, cada estudante debe realizar e aprobar dous Traballos Fin de Grao (TFG), cada un dos cales debe acreditar a adquisición do conxunto de competencias conducentes á obtención do grao en ADE (TFG de 12 créditos) e do grao en Dereito (TFG de 6 créditos). Ambos Traballos Fin de Grao poderán comezar e desenvolverse simultaneamente no tempo.

Art. 17. Expedición dos títulos oficiais de Grao

Os/as estudantes deberán solicitar a expedición de cada un dos títulos oficiais: Graduado en Administración e Dirección de Empresas e Graduado en Dereito, ante os servizos administrativos de cada centro. Pagarán, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos na correspondente tarifa do Decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario

Os trámites administrativos que se realizarán en cada un dos servizos mencionados serán os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais na Universidade de Vigo.

Art. 18. Guías docentes

As guías docentes das materias do PCEO deben coincidir, agás no que respecta á ordenación específica do programa, coas guías docentes das mesmas materias nos graos de ADE e Dereito, e deben axustarse ao establecido nas memorias de ditos graos.

Art. 19. Normativa

Esta memoria así como as cuestións non recollidas na mesma, debe rexerse polo establecido na Normativa de Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao na Universidade de Vigo, aprobado no Consello de Goberno de 23 de xuño de 2015 e modificada no Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016.

Disposicións finais

Primeira:

A Universidade de Vigo resérvase o dereito de non ofertar, para seguintes cursos académicos, o PCEO ADE-DEREITO se a demanda destes estudos non se correspondera coa oferta académica anual. Porén, o alumnado matriculado terá garantida a posibilidade de finalizar os seus estudos no PCEO.

Segunda:

Sen prexuízo do establecido nesta normativa, os trámites académico-administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola convocatoria de matrícula correspondente a cada curso académico e pola normativa académica vixente da Universidade de Vigo que resulte de aplicación.

Corresponderalle á Reitoría, ou Vicerreitoría en que delegue, a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdan na aplicación da presente normativa.

Terceira:

As presentes normas entrarán en vigor a partir da súa aprobación en Consello de Goberno e serán de aplicación no curso académico 2016–2017 e nos sucesivos cursos académicos.

ANEXO I

PRIMEIRO

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Teoría do Dereito (9 ECTS)	Matemáticas (9 ECTS)	Economía: Economía Mundial e Española	Dereito Romano	Empresa: Fundamentos de Administración
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito Constitucional I (9 ECTS)	Estatística	Economía: Microeconomía (9 ECTS)	Historia do Dereito	Empresa: Xestión de Empresas

SEGUNDO

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito Constitucional II	Econometría	Empresa: Matemática das Operacións Financeiras	Introdución ao Dereito Civil e Dereito da persoa	Dereito da Unión Europea	Macroeconomía
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito Penal I (9 ECTS)	Empresa: Contabilidade Financeira I	Políticas Económicas	Dereito Internacional Público (9 ECTS)	Dereito Civil I. Obrigacións e Contratos	

TERCEIRO

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito Administrativo I (9 ECTS)	Dirección de Operacións (9 ECTS)	Dereito Penal II	Dereito Civil II. Dereitos Reais	Contabilidade Financeira II
SEGUNDO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dirección Comercial 1	Dirección de Recursos Humanos (9 ECTS)	Decisións de Inversión	Sistema Xudicial Español e Proceso Civil (9 ECTS)	Teoría da Organización

CUARTO (75 ECTS)

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (36 ECTS)	Dereito do Traballo e da Seguridade Social (9 ECTS)	Dereito Procesal Penal	Contabilidade de Custos (9 ECTS)	Dereito Administrativo II	Dirección Comercial 2
SEGUNDO CUADRIMESTRE (39 ECTS)	Dereito Mercantil I (9 ECTS)	Dereito Civil III. Familia e Sucesións	Análise Contable (9 ECTS)	Decisións de Financiamento	Dereito Financeiro e Tributario I (9 ECTS)

QUINTO (75 ECTS)

PRIMEIRO CUADRIMESTRE (33 ECTS)	Dereito Internacional Privado (9 ECTS)	Dirección Estratéxica	Dereito Financeiro e Tributario II	Valoración de Activos	Dereito Mercantil II	
SEGUNDO CUADRIMESTRE (42 ECTS)	Planificación Financeira	Investigación Comercial	Réxime Fiscal da Empresa	Dirección Estratéxica Internacional	TFG ADE (12 ECTS)	TFG Dereito (6 ECTS)

ANEXO II

A) Os créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en Dereito recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias ou de formación básica do Grao en ADE.

Táboa de recoñecementos:

ASIGNATURAS OBRIGATORIAS / FORMACIÓN BÁSICA ADE		ASIGNATURAS OBRIGATORIAS DEREITO	
Asignatura	Créditos	Asignatura	Créditos
Empresa: Fundamentos de Administración	6	Fundamentos de administración de empresas	6
Macroeconomía	6	Macroeconomía	6

Ademais, os créditos das disciplinas optativas do Grao en Dereito recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en ADE (36 ECTS).

Táboa de recoñecementos:

ASIGNATURAS OBRIGATORIAS ADE		ASIGNATURAS OPTATIVAS DEREITO	
Asignatura	Créditos	Asignatura	Créditos
Teoría da Organización	6	Dereito Penal da Empresa	6
Contabilidade Financeira II	6	Dereito Concursal	6
Dirección Comercial I	6	Dereito da Seguridade Social	6
Políticas Económicas	6	Constitución Económica	6
Macroeconomía	6	Dereito, propiedade industrial e Competencia	6
Réxime Fiscal da Empresa	6	Réxime Fiscal da Empresa	6

B) Os créditos da seguinte disciplina obrigatoria do Grao en ADE recoñecerase pola superación dos créditos da seguinte disciplina obrigatoria do Grao en Dereito.

ASIGNATURAS OBRIGATORIAS DEREITO		ASIGNATURA OBRIGATORIA ADE	
Asignatura	Créditos	Asignatura	Créditos
Dereito Mercantil I	9	Dereito Mercantil	6

Ademais, os créditos das seguintes disciplinas optativas do Grao en ADE recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en Dereito.

Táboa de recoñecementos:

ASIGNATURAS OBRIGATORIAS DEREITO		ASIGNATURAS OPTATIVAS ADE	
Asignatura	Créditos	Asignatura	Créditos
Dereito Civil I. Obrigacións e Contratos	6	Marketing Responsable	6
Dereito Penal II	6	Dereito Penal da Empresa	6
Dereito Civil II. Dereitos Reais	6	Xestión Bancaria	6
Dereito Mercantil II	6	Contabilidade Financeira Avanzada	6
Dereito Financeiro e Tributario II	6	Enxeñaría Financeira	6
Dereito da Unión Europea	6	Dereito do Comercio Internacional	6